Concellaría de
Cultura e Festas

# 3.-Bases para a concesión de subvencións para festas parroquiais

## 39). Finalidade e obxecto.

Coa finalidade de apoiar ás comisións de festas na organización dos festexos populares tradicionais de cada parroquia, conforme ó disposto no art. 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases de réxime local, no RDL 2/2004, de 5 de maio, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora de facendas locais,na Lei 5/1997 de administración local de Galicia; no Regulamento de servizos das corporacións locais; na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común; na Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega; na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e no RD 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu Regulamento; na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu Regulamento; e con cargo ao presuposto do Concello de Arteixo para o ano 2017 convócanse as subvencións que de seguido se detallan:

1º) Subvencións para festas catalogadas como patronais ou asimiladas (1 por lugar ou parroquia) dentro do calendario festivo tradicional.

2º) Subvencións para festas catalogadas como non patronais, romarías ou asimiladas dentro do calendario festivo tradicional.

## 40) Crédito e partida orzamentaria

Con cargo á partida 338 48902 o crédito orzamentario para financiar estas axudas será de 75.000,00 € para o ano 2017.

## 41)Beneficiarios

1º) Asociacións, comisións de festas ou persoas xurídicas legalmente constituídas que cumpran os seguintes requisitos:

a) Carecer de fins de lucro
b) Desenvolve-las súas actividades no ámbito territorial do concello de Arteixo
c) Non ter pendente de xustificación ningunha subvención ou axuda perante o Concello de Arteixo para o mesmo obxecto para o que se solicita a nova subvención.



Paseo fluvial, s/n
15142 Arteixo (A Coruña)
Telefono
+34 981 641 803 (Ext:4100)
Fax
+34 981 641 812
E-mail
cultura@arteixo.org
web
www.arteixo.org

Concellaría de Cultura e Festas

d) Estar ó corrente das súas obrigas tributarias co Concello e coa Seguridade Social
e) Non estar incurso en ningún dos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para percibir axudas ou subvencións públicas.

2º) Agrupacións veciñais, comités organizadores e persoas físicas que cumpran os requisitos sinalados nos apartados a), b), c), d) e e).

**42) Requisitos**

1º) Estas axudas son incompatibles con outras convocatorias, convenios ou plans do Concello de Arteixo.

2º) Unha mesma festa só será subvencionada a través dunha única comisión/entidade.

3º) Non se subvencionarán pola presente convocatoria os festexos que non estean enraizados no ciclo festivo tradicional.

**43) Documentación**

As solicitudes formularanse no modelo oficial dirixidas ao Servizo Municipal de Cultura e Festas e se presentará no Rexisto Xeral acompañada da seguinte información e documentación:

1º)Programa completo da festa e presuposto estimativo de gastos/ingresos.
2º)Acta de constitución dos integrantes que forman a actual comisión, coa sinatura do presidente e secretario saíntes (Modelo oficial) e copia dos DNI dos membros da Xunta Directiva.
3º)Designación de conta bancaria (Modelo oficial).
4º)Certificación orixinal do acordo de solicitude e do nomeamento do representante para a súa relación co Concello (modelo oficial), xunto coa fotocopia do seu DNI.
5º)Declaración responsable relativa a outras subvencións e/ou axudas percibidas con idéntico destino, a atoparse ao corrente coas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, á inexistencia de cantidades pendentes derivadas de expedientes de reintegro de subvencións, así como de non atoparse en ningunha das prohibicións para ser beneficiario de subvencións (segundo o modelo oficial).

Calquera defecto, erro ou ausencia na presentación da documentación terá que ser subsanado no prazo de dez días dende o seu requirimento.

**44) Prazo e lugar de presentación.**

Paseo fluvial, s/n
15142 Arteixo (A Coruña)
Telefono
+34 981 641 803 (Ext:4100)
Fax
+34 981 641 812
E-mail
cultura@arteixo.org
web
www.arteixo.org

Concellaría de Cultura e Festas

As solicitudes deberán presentarse no Rexistro Xeral do Concello de Arteixo e na forma estabelecida no art. 38.4. da Lei 30/1992 de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, **no prazo máximo de 1 mes a contar da data de celebración da festa para a que se solicita a subvención.**

**45).-Comisión avaliadora**

A avaliación das solicitudes efecturase por una comisión técnica integrada por:

A coordinadora técnica de cultura
A concelleira de cultura e festas
O concelleiro de servizos económicos

**46) Criterios de concesión**

A concesión das subvencións corresponde, previo informe técnico, á Alcaldía-Presidencia, despois da proposta motivada da comisión avaliadora.

**46.1.- Criterios para a concesión da subvención**

46.1.1.- Subvencións para festas consideradas patronais ou asimiladas (polo calendario eclesiástico ou a súa importancia na zona):

Para os lugares de máis de 1.000 habitantes 6.000,00 € (máximo) e para os lugares de menos de 1.000 habitantes 3.000,00 € (máximo), por todos os conceptos de gasto subvencionables, a unha soa comisión por lugar ou parroquia de celebración, sempre que o presuposto presentado sexa igual ou superior a estas cantidades e así o soliciten e xustifiquen documentalmente.

46.1.2.-Subvención para festas non patronais, romarías ou asimiladas

-400 € por día de verbena con contratación de orquestra nas festas de verán e 200 € para as festas de inverno

-75 € por outros actos de carácter lúdico incluídos no programa festivo que xeneren para os organizadores gastos xustificables con facturas.

No caso de non celebrarse a festa patronal/principal, e sempre que o proxecto presentado o xustifique e así o aprobe a Xunta de Goberno, poderíase acceder ás axudas previstas para a festa patronal.

**46.2.-Gastos subvencionables**



Paseo fluvial, s/n
15142 Arteixo (A Coruña)
Telefono
+34 981 641 803 (Ext:4100)
Fax
+34 981 641 812
E-mail
cultura@arteixo.org
web
www.arteixo.org

Para os efectos da concesión considéranse gastos subvencionables nas festas patronais os da contratación de orquestras, carpas, alumeado festivo e pirotecnia. Calquera cambio destes conceptos deberá ser previamente comunicado e autorizado para ser admitido como xustificante no momento do cobro da subvención.

### 46.3.-Notificación e publicidade da resolución

A resolución da concesión notificarase expresamente a tódolos solicitantes de forma fidedigna no prazo máximo de 2 meses contados a partir da data de resolución do programa e será exposta ó público nos taboleiros de anuncios do Concello e do Centro Cívico Cultural de Arteixo.

Contra a desestimación expresa ou presunta das solicitudes presentadas poderán formularse os recursos que procedan.

## 47) Obrigas dos beneficiarios.

Os beneficiarios, unha vez aceptada a subvención, están obrigados a:

a) Realiza-las actividades propostas e obter os permisos necesarios.

b) Presenta-las contas xustificativas e destina-las axudas ós fins para os que se concederon e acreditar perante o Concello o cumprimento da finalidade proposta. Esta acreditación realizarase, ademais de coa xustificación documental pertinente de cada concepto subvencionado, coa presentación de 2 carteis anunciadores no Servizo Municipal de Festas 5 días antes da realización da festa, onde conste o logotipo oficial do Concello.

c) Comunicar ó Concello a obtención doutras subvencións ou axudas para a mesma finalidade que procedan doutras administracións e/ou entes públicos ou privados.

d) Facer constar na totalidade da publicidade que se realice (impresa, informática ou audiovisual) que conta cunha subvención do Concello de Arteixo, mediante a inserción do logotipo oficial do Concello. O incumprimento desta obriga poderá ser sancionada coa retirada da cantidade de 200 € da subvención concedida.

e) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto podan ser obxecto de actuacións de comprobación e control.

f) Someterse ás actuacións de comprobación e ás de control financieiro que efectuará o Concello e as previstas polos órganos de control externo.



Paseo fluvial, s/n
15142 Arteixo (A Coruña)

Telefono
+34 981 641 803 (Ext:4100)

Fax
+34 981 641 812

E-mail
cultura@arteixo.org

web
www.arteixo.org

Concellaría de Cultura e Festas

## 48) Xustificación e pagamento.

### 48.1.- Consideracións xerais

1º) Con carácter xeral as subvencións aboaranse despois da xustificación dos gastos.

2º) O gasto xustificado documentalmente deberá acadar polo menos o importe do presuposto subvencionado.

3º) O importe das subvencións concedidas en ningún caso poderá ser de tal contía que en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou entidades privadas supere o custo da actividade que desempeñe o beneficiario

4º) En xeral, o pagamento realizarase toda vez que se xustifique a efectiva realización da actividade mediante a presentación no Rexistro Xeral do Concello de Arteixo, no prazo estabelecido e con destino ó Servizo Municipal de Cultura e Festas, da documentación pertinente.

### 48.2.- Prazo de xustificación

O prazo de presentación de xustificantes rematará o 30 de setembro deste ano para as festas patronais ou asimiladas e o 31 de outubro do mesmo ano para as festas non patronais, romarías ou asimiladas; se ben, antes de finalizar o prazo, poderá ampliarse por solicitude do interesado ou por proposta razoada da unidade xestora. No caso de que o interesado solicite unha prórroga, téñense que razoar os motivos e realizarse por escrito antes da data sinalada.

No caso de que a data da festa sexa posterior a este prazo e sempre dentro do mesmo ano, concedaranse 5 días para a xustificación.

Se non se presenta a xustificación dentro do prazo (inicial ou prorrogado), por resolución da Alcaldía-Presidencia iniciarase o expediente de anulación do correspondente compromiso. A resolución final notificaraselles á entidade e á Intervención Municipal para o seu reflexo contable.

No caso de que a documentación xustificativa fora incorrecta ou insuficiente, notificarase un prazo máximo de dez días para a súa corrección. De non cumprirse este requisito dentro do prazo sinalado, e sempre que se acredite o cumprimento da finalidade, o importe da subvención reducirase proporcionalmente aos gastos xustificados correctamente.
Este Concello resérvase o dereito de comprobar, polos medios que estime oportunos, que a xustificación é correcta, quedando o beneficiario obrigado a



Paseo fluvial, s/n
15142 Arteixo (A Coruña)
Telefono
+34 981 641 803 (Ext:4100)
Fax
+34 981 641 812
E-mail
cultura@arteixo.org
web
www.arteixo.org

Concellaría de Cultura e Festas

facilitar canta información sexa requirida polo servizo xestor para a Intervención Municipal.

**48.3.-Conta xustificativa**

A conta xustificativa presentarase no Rexistro Xeral do Concello con destino ao Servizo Municipal de Cultura e Festas e deberá respectar o contido mínimo que marca o artigo 75 do RD 887/2006, Regulamento de subvencións, polo que deberá incluír:

-Memoria de actuacións xustificativa segundo modelo normalizado.

-Memoria económica, coa relación de gastos e ingresos, e a certificación doutras axudas ou subvencións percibidas para a mesma finalidade. Tamén carta de pagamento no caso de reintegro de sobrantes.

-Certificación acreditativa de estar ó corrente das obrigas fiscais coa facenda estatal e autonómica e certificación acreditativa de estar ó corrente das obrigas coa Seguridade Social. Estas certificacións poderánse sustituír por declaración responsable do beneficiario da subvención no caso de que a subvención concedida non supere o importe de 3.000,00 €. A comprobación de estar ó corrente das obrigas fiscais municipais a realizará o Concello de Arteixo de oficio.

-Certificación do secretario/a da entidade, co visto e prace do/a presidente, na que se faga constar que o gasto foi reflictido, na forma preceptiva, no libro de contabilidade da entidade, segundo o disposto no artigo 14.1 da Lei 38/2003 de 17 de novembro xeral de subvencións.

-Copia do permiso municipal autorizando a realización da festa.

-Facturas orixinais ou compulsadas que deben reunir os requisitos legais establecidos no RD 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulamentan as obrigas de facturación, e relativas aos gastos realizados polos conceptos incluídos no presuposto inicial e polo importe sinalado na notificación da concesión.

a) Coa finalidade de dar cumprimento ó disposto no art. 30.3 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, no caso de presentar fotocopias, antes de facer a fotocopia deberá extenderse no orixinal da factura unha dilixencia na que se faga constar que a factura foi utilizada como xustificante de gasto para a obtención dunha subvención do Concello de Arteixo.

Paseo fluvial, s/n
15142 Arteixo (A Coruña)
Telefono
+34 981 641 803 (Ext:4100)
Fax
+34 981 641 812
E-mail
cultura@arteixo.org
web
www.arteixo.org

b) O importe que se xustifique en concepto de gastos de mantemento, se houber lugar, (alugueres de locais, luz, gas, auga, teléfono, consumibles de oficina, etc.) non poderá superar o 10% do importe total do presuposto a xustificar.

c) Os gastos de persoal, de seren admitidos, acreditaranse mediante a achega de fotocopia compulsada do contrato laboral correspondente, alta na Seguridade Social, nóminas correspondentes e acreditación do seu pago, así como das cotas á Seguridade Social e do IRPF correspondente.

d) Só se admitirán recibos cando reflictan a correspondente retención do IRPF e a repercusión do IVE. En calquera caso, deberán acompañarse do xustificante de ingreso do IRPF na Axencia Tributaria.

e) As facturas que non reflictan claramente a finalidade da actividade deben acompañarse dun informe aclaratorio.

f) Non se admitirán documentos sustitutivos de factura fóra dos supostos contemplados no RD 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento que regulamenta as obrigas de facturación.

g) Non se admitirán facturas de bebidas alcohólicas, tabaco ou calquera outro produto considerado nocivo para a saúde.

h) En xeral, non se admitirán como gastos facturas relativas a alimentos e bebidas, agás as de productos típicos galegos propios das celebración tradicionais.

i) En cumprimento do art. 7 da Lei 7/2012, de 29 de outubro, de modificación da normativa tributaria e presupostaria e de adecuación da normativa financiera para a intensificación das actuación na prevención e loita contra o fraude, non poderán pagarse en efectivo as operacións cun importe igual ou superior a 2.500,00 €, nin fraccionar o seu importe en varias facturas, sendo obriga desta Administración informar á Axencia Tributaria se existe incumprimento desta norma. <u>Por este motivo, todas as facturas presentadas cun importe igual ou superior a 500,00 € deberán ser tido aboadas mediante transferencia bancaria tendo que entregar os xustificantes dos pagos realizados.</u>

## 49) Infraccións e sancións



Paseo fluvial, s/n
15142 Arteixo (A Coruña)

Telefono
+34 981 641 803 (Ext:4100)

Fax
+34 981 641 812

E-mail
cultura@arteixo.org

web
www.arteixo.org

Os beneficiarios das subvencións quedarán sometidos ás responsabilidades e ao réxime sancionador estabelecido na Lei 38/2003 e demais normas concordantes.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar a súa retirada, modificación ou reintegro do seu importe, cos xuros de demora correspondentes desde o momento do pagamento da subvención.

Para os casos non previstos nas presentes bases aplicaranse as normas incluídas na Lei 38/2004, de 17 de novembro, xeral de subvencións e no seu Regulamento e na Lei 9/2007 de subvencións de Galicia e no correspondente Regulamento.

Paseo fluvial, s/n
15142 Arteixo (A Coruña)

Telefono
+34 981 641 803 (Ext:4100)

Fax
+34 981 641 812

E-mail
cultura@arteixo.org

web
www.arteixo.org